

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE NOVIEMBRE DE 2016

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e oito de novembro de dous mil dezaseis, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e sete minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 2 DE NOVIEMBRE DE 2016.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 2 de novembro de 2016.

(Antes de proseguir coa orde do día, o Sr. Alcalde comunica que se vén de entregar aos membros da Corporación unha invitación para asistir o día 3 de decembro, ás 12 da mañá, á colocación das placas en lembranza de Manuel María, unha na casa onde viviu e outra onde tivo el a librería Xistral).

PARTE RESOLUTIVA

2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL, A INSTANCIA DA FEMP, POLO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“La Federación Española de Municipios y Provincias se suma, un año más, junto a los estados, las regiones y entidades locales de todo el mundo, a la conmemoración del día 25 de noviembre, Día Internacional para la Eliminación de la Violencia contra las Mujeres, con el fin de manifestar el más enérgico rechazo ante cualquier tipo de violencia de género, y, asimismo, renovar su compromiso de colaborar e impulsar acciones cuyo fin sea la erradicación de la gran lacra social que supone la violencia contra las mujeres y las niñas.

Este tipo de violencia es una de las vulneraciones más graves de los derechos y libertades. En una sociedad legalmente igualitaria, con un marco jurídico que nos sitúa en la vanguardia de los países del entorno, las cifras de muertes y agresiones contra las mujeres y las niñas siguen siendo abrumadoras y, año tras año, nos indican que hoy más que nunca es necesario incrementar los esfuerzos y erradicar aquellas actitudes y comportamientos cotidianos que reproducen la desigualdad y que están en el origen de la violencia de género, contribuyendo a perpetuarla.

La superación de este tipo de violencia es muy compleja pero se inicia atajando la desigualdad histórica entre hombres y mujeres, abordándola desde un compromiso real, con la implementación de medidas integrales eficaces que se traducen en políticas preventivas y de intervención desde las edades más tempranas.

La experiencia confirma que cuanto más cercana están administración y ciudadanía, más eficaces son las medidas de sensibilización, de educación, o de detección precoz, y más eficaz es la respuesta de urgencia o el seguimiento de los servicios. En suma, mejores resultados se obtienen en la lucha contra la violencia de género.

Conscientes de ello, las administraciones locales han ido implementando normas y planes con medidas específicas que favorecen la igualdad de oportunidades, introduciendo, en la mayoría de los casos, la igualdad de género como paradigma de progreso.

Sin embargo, a pesar del avance, el hecho de que la violencia machista perdure es deleznable por lo que debemos seguir trabajando. Es por ello que, la FEMP, en este día, convoca a los gobiernos locales a: (o compromiso que figura no acuerdo).”

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

“Sumarse á Declaración Institucional da FEMP co gallo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, que contén o seguinte compromiso:

- Incluir la Violencia de Género en la agenda política como un problema prioritario
- Reforzar los esfuerzos para la implementación de políticas integrales contra la violencia de género, diseñadas desde la defensa de los derechos de las mujeres y dirigidas a promover la igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres como un paso adelante para la transformación social necesaria para superar esta lacra social.
- Desarrollar campañas preventivas, y con especial incidencia las dirigidas a la población infantil y adolescente, en colaboración con las comunidades y agentes educativos.
- Promover acuerdos, desde todos los grupos políticos, con el fin de que existan medidas de prevención y de protección eficaz, así como las medidas que sean necesarias para luchar con todos los medios contra este tipo de violencia.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

3. ACORDO COA EMPRESA AQUALIA, CONCESIONARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E DE SANEAMENTO, PARA A COMPENSACIÓN DE OBRIGAS CONTRACTUAIS DA EMPRESA CO IPC NON APLICADO ÁS TARIFAS POLO CONCELLO, CON DEFERIMENTO A CATRO ANOS DO DÉFICIT DE TARIFA ACUMULADO.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. M^a José Vega Buján).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. O acordo ditaminado ten o seguinte contido:

“Visto o informe de Secretaría do 22 de abril de 2016, que é consecuencia doutros informes da mesma data sobre compromisos contractuais pendentes da empresa AQUALIA, como concesionaria do servizo municipal de auga e de saneamento, e sobre revisión de prezos limitada ao IPC non aplicado ás tarifas do contrato, e o escrito de FCC Aqualia, dando conformidade ao acordo que resulta do informe de Secretaría citado, engadindo a disposición da empresa a que a actualización das tarifas polo déficit acumulado a 2016, se poida repartir ata nun máximo de catro anualidades, propónse (...) que o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Establecer como obriga pendente da empresa por investimentos da oferta contractual a de 1.671.671,22 €.

Isto está referido ao seguinte investimento da oferta da empresa:

INVESTIMENTOS COMPROMETIDOS NA OFERTA (SOBRE B TOMO VI)			
EPÍGRAFE	CONCEPTO	PESETAS	EUROS
hI	ADECUACIÓN TÉCNICA DA ETAP	63.027.597	378.803,49
hI	EXECUCIÓN DE AULA DA NATUREZA	19.629.288	117.974,40

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.11.2016*

h2	MELLORA EN DEPOSITOS DE SAN VICENTE	4.317.891	25.951,05																				
h3	EXECUCIÓN DE FONTES CIBERNETICAS MODULARES	48.082.627	288.982,41																				
h4	EXECUCIÓN DUN PARQUE ACUÁTICO	265.258.607	1.594.236,34																				
PLAN DE INVESTIMENTOS (SOBRE C)		400.316.010	2.405.947,68																				
<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="2">DISTRIBUCIÓN POR ANOS</th> <th>PESETAS</th> <th>EUROS</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td colspan="2">ANO 2001</td> <td>144.942.000</td> <td>871.118,96</td> </tr> <tr> <td colspan="2">ANO 2002</td> <td>138.040.000</td> <td>829.637,11</td> </tr> <tr> <td colspan="2">ANO 2003</td> <td>117.334.000</td> <td>705.191,54</td> </tr> <tr> <td colspan="2">TOTAL</td> <td>400.316.000</td> <td>2.405.947,62</td> </tr> </tbody> </table>				DISTRIBUCIÓN POR ANOS		PESETAS	EUROS	ANO 2001		144.942.000	871.118,96	ANO 2002		138.040.000	829.637,11	ANO 2003		117.334.000	705.191,54	TOTAL		400.316.000	2.405.947,62
DISTRIBUCIÓN POR ANOS		PESETAS	EUROS																				
ANO 2001		144.942.000	871.118,96																				
ANO 2002		138.040.000	829.637,11																				
ANO 2003		117.334.000	705.191,54																				
TOTAL		400.316.000	2.405.947,62																				

734.276,46 €	TOTAL INVESTIMENTO COMPUTADO
2.405.947,68 €	IMPORTE OFERTADO
1.671.671,22 €	PENDENTE

Quedan fóra deste acordo outras obrigas, mesmo de investimento.

SEGUNDO.- Recoñecer a favor da empresa 1.713.222,33 €, polo IPC non aplicado ás tarifas dende o ano 2003 ata a actualidade. Isto resulta dun déficit de tarifa acumulado en 2016 do 17,56% dende o comezo do contrato.

TERCEIRO.- Deferir ata catro anos a actualización tarifaria que correspondería facer ata 2016, polo déficit de tarifa acumulado, de tal modo que para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020, as tarifas do servizo sexan o resultado de aplicar por unha banda a cuarta parte do déficit calculado (4,39%) e por outra o IPC que corresponda, e dende o ano 2021 só se aplicará a revisión do IPC.

CUARTO.- As cantidades dos apartados primeiro e segundo anteriores quedan compensadas, condonando a empresa a diferenza entre elas ao seu favor. Por outra banda, a empresa desistirá tanto do recurso de apelación contra a sentenza 116/2014 recaída no procedemento contencioso-administrativo ordinario 189/2006 como do recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 331/2015. O acordo será efectivo cando sexan firmes ditas desistencias. O desistimento do recurso de apelación inclúe a renuncia a percibir a cantidade de 336.119 euros fixada ao seu favor en primeira instancia, ao darse por satisfeita para o período 2003 a 2005 co que resulta incluído para dito período na cantidade que se lle recoñece pola non aplicación do IPC ás tarifas do contrato.” (Coincide o transcrito co que quedou sobre a mesa no Pleno ordinario de xullo de 2016. Posteriormente, engadíronse ao expediente informes da Deputación provincial e da empresa Adade Lugo, S.L.).

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e once votos en contra (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar o acordo proposto coa empresa Aqualia, concesionaria do servizo municipal de auga e de saneamento, para a compensación de obrigas contractuais da empresa co IPC non aplicado ás tarifas polo Concello, con deferimento a catro anos do déficit de tarifa acumulado.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que non traen ningunha moción a este Pleno ante a forma de actuar do Alcalde e ademais pensa ser breve nas súas intervencións. Sobre este asunto, mantemos a nosa postura. Os informes que se pediron para nada responden ao que se acordou no Pleno. Segue isto no mesmo estado que antes dos informes. Imos votar en contra.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se trae de novo un acordo coa empresa Aqualia. Levamos anos reclamando que non se esixise o cumprimento do contrato, mesmo instamos unha comisión de investigación, que resultou fallida co remate do mandato. Agora hai un acordo de que se compense a débeda da empresa co Concello –investimentos por 400 millóns de pesetas- co IPC que non se actualizou, compensando tamén como investimentos unha serie de obras. Unha cousa pola outra, borrón e conta nova. Non sei por que o anterior Alcalde recoñeceu obras como investimento nin por que non se requiriu a empresa como era debido. Estivo a perda da oferta e que non se defendesen os intereses do Concello. Por que o Alcalde actual non quere cuantificar o que Aqualia debe? Por que se están a compensar obras que non son compensables? O competente é o Pleno. Por algúns exemplos de obras que son de renovación, polo que se trata de compensar obras do art. 26 do prego de condicións, que son a cargo da empresa. É clarísimo para o caso dos colectores da rúa Chantada. Esa compensación crearía un precedente para o futuro, sería unha modificación non aceptable do contrato.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que estamos unha vez máis co de Aqualia. Seguimos dicindo que as contas seguen sen estar claras. Os informes non eran sobre as tres preguntas que o Alcalde soñou decidiu. Á empresa interésalle chegar a acordos sobre unha parte do contrato. Cómpre coñecer tódalas contas da empresa, os custos e contas de explotación do centro de Monforte. Cómpre que aclaremos todo, non soamente un cachiño, con Aqualia. Está o feito de que non investise o que tiña que investir e hai que ver tamén o que o Concello afrontou e correspondíalle á empresa. Hai moitísimas cousas a aclarar. A empresa monfortina que dicíamos foi a que serviu no primeiro contencioso. Dixo o Alcalde que ía meter á empresa en cintura, é este o xeito? Non o considero. Insisto, aclare as contas e despois acordemos o que haxa que acordar.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di á anterior interviniente que hai que ter atrevemento para dicir o que acaba de dicir. Non vou pensar mal sobre as obras de investimento que aceptaron en 12 anos. Atopei un problema de 14 anos, sumando PP e BNG, que fixo vostede en 12 anos? A acta di o que di e agora dise que é unha traizón o que se informa respecto ao que se acordara. Dille á portavoz do PP que falou de preguntar cousas concretas á Deputación. En 2001 houbo un acordo para 25 anos, con investimentos nos tres primeiros. O PP nada fixo en 2 anos, e o BNG en 12 anos nada salvo aceptar obras moi dubidosas, supón ademais modificar o contrato sen levalo ao Pleno. Facían as cousas sen levalas ao órgano competente, poden ser actos de goberno nulos. Dámoslle cobertura legal a tódalas chafalladas que fixeron; se non, miraremos o que fixeron, tamén o de non subir o IPC. Fixeron campaña de non subir a auga e en tres anos, do 2009 ao 2011, houbo un 14,5% de subida. Eu non fixen compromiso algún de non subir a auga, di o BNG que subir tarifas é traizoar aos veciños, son eles quen en 2012 non actuaron. Din que os incumprimentos de Aqualia producen grandes molestias aos veciños, foron vostedes quen non o evitaron durante 12 anos. Nós xa corriximos algunhas molestias, como no Hospital. Son 14 anos de contrato, 2 do PP e 12 do BNG, cos problemas sen resolver. Quero felicitar o traballo dos técnicos do Concello, traballo independente e rigoroso en defensa dos intereses do Concello.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que ela si que ten pena de seguir escoitando o mesmo. Tódolos monfortinos sabemos que o PP non cumpriu nos dous primeiros anos, tamén sabemos que durante o goberno do BNG perdeuse a oferta co que iso supuxo, vostede –polo Alcalde- era Tenente de Alcalde. Hoxe recibo a acta da Xunta de Goberno, se vostede viu algo daquelas, porque non falou cando tiña que falar? ou non recibía as actas? O pasado xa o coñecemos, a única libre de sucidade son eu. Exerza de Alcalde de tódolos monfortinos, negocie mellor e faga as contas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que le do Pleno de maio o que se acordou, tras moción do seu Grupo, sobre informes de Secretaría e Intervención, no seu defecto da Deputación provincial e en última instancia dunha consultoría externa. O acordo está na acta. As preguntas para os novos informes fixoas vostede –polo Alcalde-, vostede saberá por que, sería para ter informes á medida. Hai acordos da Xunta de Goberno de 13 de setembro de 2005 e de 22 de marzo de 2007 sobre obras nas rúas Benito Vicetto e San Pedro, respectivamente. Vostede estaba nas Xuntas de Goberno cando se recoñecían obras. Eu cheguei aquí hai catro anos. Vostede favoreceu a non conclusión da Comisión de Investigación sobre Aqualia. Está recoñecendo que non dará por boas obras que aquí formula compensar, é un insulto á intelixencia dos monfortinos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di sobre que usurparan as competencias do Pleno, que non tiveron advertencia da Secretaría municipal nese sentido. Vostede si pasou da advertencia de Secretaría sobre un contrato. Eu non estaba de 2003 a 2007, vostede estivo entón moi metido, aínda que diga que non era da súa Área. Actos de goberno nulos? Decláreos. Suba do IPC? Subiuse cando tiñamos maioría absoluta; noutras ocasións, a oposición, vostede tamén, estivo en contra. Non é que recibise actas da Xunta de Goberno, estaba sentado no Órgano. Cando lle parece dálle o parabén aos técnicos, e cando non, pasa deles. Mire as páxinas 78 e 79 da acta do Pleno de xullo. Le

o que alí dixo ela sobre o IPC e máis cousas a considerar, sobre a falta de transparencia das contas da empresa, sobre a necesaria cuantificación das obras.

Do Sr. Alcalde, que lle di á anterior interveniente que é un pouco faltona, ler sabemos ler. Fun leal co meu socio de goberno, xestionei traídas pero nada tiña eu que ver con Aqualia. Os informes que pedían están aquí. A portavoz do PP dicía o do lucro cesante do parque acuático e pediuse. Os dous informes din que é correcto o que informan os técnicos municipais. A vostedes non lles vale ningún informe. Non teñen argumentos reais en contra. Tentei resolvelo nun ano; se tivesen responsabilidade, aprobaríano. Quérenlle botar as culpas ao actual Alcalde. A portavoz do PP dixo nunha reunión que tiña que sacar disto rendibilidade política. Vostedes serán responsables das consecuencias que teña este voto en contra. Os veciños de Monforte tomarán nota da oposición irresponsable que están facendo, chegando á ofensa e ao insulto. Non me van desanimar, o seu comportamento estímúlame, seguirei traballando por mellorar. Deixen de opoñerse a todo, algo bo faremos. Se isto non se aproba, emprenderei as accións que correspondan. Despois de catorce anos sen resolvelo, non poden soportar un acordo nun ano.

4. RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DO 50% DA ILLA DE VILANOVA, SITA NO RÍO CABE.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D. Iban Torres Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. O acordo ditaminado ten o seguinte contido:

“O Pleno municipal, en sesión celebrada o día 5 de maio de 2015, acordou o seguinte: **“6.-ADQUISICIÓN DA ILLA DE VILANOVA, SITA NO RÍO CABE.** (...) Visto o informe técnico de idoneidade para uso público da illa de Vilanova, no río Cabe, nel se dí, entre outras cousas, que *“a situación e características da illa a fan idónea para a súa integración no proxecto global de paseo fluvial entre Ribasaltas e Piñeira dando continuidade ás actuacións que neste senso se teñen realizado e se están levando a cabo na actualidade”*. O informe valora o terreo da illa na cantidade de 7.296 euros.

A propiedade da illa é, indivisa ao 50%, das irmás Dna. María e Dna.Dolores Sierra Mosquera. A primeira ten reiterado ante o Concello a súa vontade de doarlle o que a ela lle corresponde, chegando incluso a asinarse en 2008 un documento ao respecto, no que se inclúe o compromiso de manter como nome da propiedade o de “Illa do Sierra”. A outra parte pode ser obxecto de expropiación, ligada ao proxecto aprobado polo Pleno do Concello o 27 de maio de 2013, para o acondicionamento da canle e marxes do río Cabe, partindo da utilidade pública e interese social reflectidos naquel acordo e expediente. Para a expropiación cóntase con sobranse suficiente na dotación de crédito feita para rematar ese proxecto de 2013.

Tendo en conta por unha banda o art. 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e por outra a Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954 e o seu

Regulamento, aprobado por Decreto do 26 de abril de 1957, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Darlle conformidade ao informe de idoneidade para uso público da Illa de Vilanova, subscrito polo Arquitecto Xosé Lois López Otero.

SEGUNDO.- Aceptar a doazón da metade indivisa do terreo da Illa citada por parte da súa propiedade Dna. María Sierra Mosquera, facultando ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito corresponda para os trámites e sinaturas que procedan para formalizar a doazón.

TERCEIRO.-

A.- Declarar a utilidade pública da expropiación da metade indivisa da Illa que non é obxecto de doazón, ligada para iso ao expediente de expropiación levado adiante para o proxecto de acondicionamento da canle e marxes do río Cabe.

B.- Aprobar inicialmente a relación de bens e dereitos que se consideran de necesaria ocupación, que está constituída unicamente polo 50% indiviso dos 9.500 metros cadrados de superficie da Illa, do que é titular Dna. Dolores Sierra Mosquera.

C.- Someter a información pública a relación de bens e dereitos que se aproba por prazo de vinte días, mediante anuncios no BOP e nun xornal dos de maior circulación na provincia, e notificar o acordo individualmente á titular dos bens, a que se lle fará saber que pode darse por rematado o expediente expropiatorio se hai mutuo acordo para a adquisición dos bens no prezo taxado de 3.648 euros.”

En cumprimento dese acordo, por un lado elevouse a escritura pública a doazón por Dna. María Sierra Mosquera do 50% da illa que se acordou adquirir. É a escritura de cesión nº 772, do 1 de xuño de 2015, autorizada pola Notaria de Monforte de Lemos Dna. Patricia Posse Paz. Na escritura faise constar que os 9.500 metros cadrados que no acordo figuran – proveñen da estimación feita no informe de idoneidade para uso público -, correspóndense coas seguintes fincas rústicas que figuran no caderno particional en pertencia por metades indivisas ás irmás María e Dolores Sierra Mosquera: “- *Finca rústica denominada “La Rivera” con una superficie aproximada de 426 m2. La finca está situada en la margen izquierda del río Cabe en el lugar denominado de Villanueva. -Isla situada en el río Cabe, lugar de Villanueva, de una extensión aproximada de sesenta y ocho áreas y cuarenta y seis centiáreas*”. Aínda que co termo de “aproximada”, a superficie resultante ascende a 6.832 metros cadrados. Hai que dicir tamén que na escritura reflíctese como valor da doazón a de 7.296,00 €, non tendo en conta por tanto a redución teórica que logo se verá.

Por outra banda, iniciouse o expediente de expropiación forzosa do 50% indiviso propiedade de Dna. Dolores Sierra Mosquera, con anuncios no BOP de Lugo do 12/06/2016 e no DOG do 19/06/2016, e coa notificación á interesada do acordado. Esta, representada por D. José Luis Saco Sierra, presenta recurso contra o acordo municipal, no que mostra disconformidade respecto á valoración do terreo e á superficie deste, solicitando que se acepte polo Concello un valor total do ben de 19.242,00 €, co que esta parte quedaría satisfeita percibindo o 50% dese valor, é dicir, a cantidade de 9.621,00 €. Achega un informe de valoración subscrito polo Arquitecto D. Pablo Sánchez Fernández.

Para chegar ao valor total da illa, parte a valoración presentada por esta parte de que no informe de idoneidade elaborado por D.Xosé Lois López Otero, a superficie total de 9.500 m² da illa queda reducida ao 50%, en base a que *“en ausencia de datos catastrais ou deslinde do cauce e dada a dificultade de establecer os límites da parcela pola variación estacional do nivel do cauce citada anteriormente se ten considerado como superficie do terreo o 50% da superficie estimada do ámbito da illa considerando o valor así obtenido como referencia suficiente para os obxectivos deste informe”*. Se non se fixese esa corrección, o valor resultante de 7.296,00 € non habería que dividilo entre as dúas partes propietarias pro indiviso, senón que sería o que lle correspondese a cada unha delas.

O valor unitario asignado polo D.Xosé Lois López Otero foi de 1,28€/m². e o calculado por D.Pablo Sánchez Fernández é de 1,985€/m². Se esta cantidade, en lugar de aplicala aos 9.500 m². do acordo municipal, se aplicase aos 6.832 m². do que se viu ao facer a escritura de doazón, en lugar dos 9.621,00 € solicitados pola parte, resultaría un valor ao seu favor –segundo os cálculos do técnico da parte- de 6.916,37 €. Ponse isto como referencia á hora de considerar a negociación emprendida pola Alcaldía para poder pechar o asunto por mutuo acordo.

O certo é que despois de varios contactos e reunións co representante de Dna. Dolores Sierra Mosquera, acéptase por esa parte pechar o asunto cun importe a aboar polo Concello de 7.296,00 €, sen reducir por tanto a superficie total estimada pero sen valorar tampouco segundo o informe presentado de contrario. Considérase un bo acordo para o Concello, para obter a propiedade total da illa. Difire só en 379,63 € da outra hipótese reflectida –menos superficie e máis valor unitario- e esta non ten a lóxica para o mutuo acordo dun expediente expropiatorio, que ten a de aboar 7.296,00 €, xa que o expediente tramitouse sobre 9.500 m². de superficie e cun valor unitario que non se modificaría no mutuo acordo.

O artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954 prevé que *“la Administración y el particular a quien se refiera la expropiación podrán convenir la adquisición de los bienes o derechos que son objeto de aquélla libremente y por mutuo acuerdo, en cuyo caso, una vez convenidos los términos de la adquisición amistosa, se dará por concluido el expediente iniciado.”*

En consecuencia proponse que o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Adquirir a metade indivisa da illa de Vilanova, pertencente á Dna. Dolores Sierra Mosquera, polo importe de 7.296,00 €, pondo fin por mutuo acordo ao expediente de expropiación que figura a efectos desta adquisición no acordado polo Pleno o 5/05/2015.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr.Alcalde tan amplamente como en dereito corresponda para os trámites e sinaturas que procedan para levar a termo e formalizar esta adquisición por mutuo acordo entre o Concello e a propiedade.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e once votos en contra (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 28.11.2016*

ACORDO

Non aprobar o acordo proposto para a resolución por mutuo acordo do expediente de expropiación do 50% da Illa de Vilanova, sita no río Cabe.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que xa na Comisión informativa falamos bastante. Quedou en pasarnos unha taxación de 2008, efectivamente fixoo, con esa taxación mándanos unha carta, da que me gustaría que nos aclarase o derradeiro parágrafo, despois do da “redución” a 7.296 euros, cando isto é o total da illa. Explique o dos termos preacordados.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se trata dun acordo para consensuar cos propietarios da metade da illa do Sierra. A outra propietaria tivo a vontade de doar o outro 50%. Para xustificar a doazón e expropiar o resto, encargouse un informe. Ese informe establecía un valor de sete mil e pico euros. Iniciouse a expropiación da metade por tres mil e pico euros. Estamos entrando en contradición co que antes acordamos, onde considerabamos tres mil e pico, agora son sete mil e pico euros, o que non pode ser do agrado da doante. Pasásenos unha valoración cun valor superior. Iso non foi o que se nos trasladara antes. Non imos votar en contra do que acordamos hai uns meses. Poderíase vir cunha proposta máis razoable, pero non, proponse o valor íntegro da illa. Vimos de expropiar no río, as valoracións aí feitas non poden ser de peor condición do que aquí se trata. Non apoiaremos a proposta.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que coincide plenamente co PP no da contradición co acordo plenario de 2015 e tamén coas expropiacións no río. É a terceira vez que se trata de traer ao Pleno, en setembro xa lle trasladei certo malestar. O máis responsable é que quede sobre a mesa, e se non, vainos obrigar a votar en contra. Deberíase esperar a un proxecto, pero se non, en contra.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di a Esperta Monforte que cando lle parece, di que non hai transparencia; e cando lle parece, vén con outra cousa. É certo que hai un preacordo; se o Concello o aproba, será acordo. Dille ao PP que a escritura de doazón non respecta o acordo do Pleno, a doazón é por 7.296 euros. Dille ao BNG que é a segunda vez hoxe que se sente representada polo PP. Este é un expediente de finais do anterior mandato en plan chapuza. O informe foi pouco rigoroso: superficie non real, valoración sen contar coa Confederación, falta de integración no paseo fluvial. O Pleno de maio de 2015 acordou a doazón, e a expropiación con posible mutuo acordo. Na escritura de doazón figuran 7.296 euros. Para a outra parte -José Luis Saco Sierra, fillo e representante da parte-, o mesmo valor da doazón. Este acordo foi explicado á doante. O representante de Dolores Sierra quere manter o valor que figura na escritura de doazón. E fainos saber documentalmente algo que non estaba no expediente, que no ano 2008 el e o Alcalde Severino acordaron encargar unha taxación a TASA Galicia, resultando unha valoración total de 27.936 euros, do que o 50% son 13.968 euros. O recibo da taxación é de 30 de setembro de 2008. A factura da taxación, de 243,60 €, foi aprobada pola Xunta de Goberno o 24 de

xullo de 2008. O expediente é un pouco especial. María Sierra non pode condicionar o acordo coa outra parte. Sometemos isto á consideración do Pleno.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que a transparencia recoñeceraa cando a haxa. Na Comisión informativa díxéronse esas cousas, e tamén se falou de para que serve a illa. É bo intentar darlle unha solución. Maruja Sierra dirixiuse ás portavoces con documentación, incluída a da expropiación por 3.648 euros. Tampouco ten o Concello previsión de levar a cabo algo alí, o primeiro é deixalo quietiño, sen beneficiados nin prexudicados.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o Alcalde é especialista en confundir. Na escritura de doazón, a cantidade que figura é por erro de transcripción. No anuncio do expediente, o mutuo acordo é polos 3.648 euros do prezo de taxación. Ese é o acordo que votamos, agora tráese polo valor total. Deben intentar un consenso, pero non trate de que nos contradigamos co que aprobamos en base ao que se nos trouxo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que ao dicir o Alcalde que coincide co PP, parece que lle molesta. Coincido no que considero que se ten razón, o mesmo respecto a vostede. Parece que pon en cuestión ao técnico Xosé Lois López Otero. Gustaríame saber se pasou aos seus asesores esta última taxación. A de Xosé Lois está nun acordo plenario. No BOP están 3.648 euros pola metade, para un total de 7.296 euros, aí vemos quen ten a razón e quen non a ten. Aclárenos o dos seus asesores. O máis intelixente é deixalo enriba da mesa. Se votamos, temos o voto decidido.

Do Sr. Alcalde, que di que isto non o iniciou el. O do notario debe valer. O Boletín que pon 3.648 euros non di que non se poida variar. O que non queren é que eu leve adiante esta xestión. Dille á portavoz do BNG que faga memoria, que compare a primeira parte deste mandato coa do anterior e mire votos a favor e en contra; díxo que teña coidado, non sei a que se referiu, medo non teño ningún, non llo vou ter en conta. Di con ironía que os intereses de Monforte volven estar por riba dos partidos.

5. MOCIÓN E ASUNTOS DE URXENCIA.

O Sr. Alcalde comunica que hai catro mocións recentemente presentadas, iremos vendo no debate cal é realmente a urxencia, pero se se estima que as debemos tratar, tratarémolas, son dúas do PP e dúas do BNG.

A continuación, segundo o previsto no art.91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno acorda, por unanimidade, incluír os seguintes asuntos:

A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL DO CUMPRIMENTO DOS ACORDOS PLENARIOS DESTA CORPORACIÓN.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle e Dna. Marina Douton Rajo).

En base á moción presentada, tralo seu debate, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

É sabido que unha das atribucións do Pleno é o control e fiscalización dos órganos de goberno.

As mocións que os Grupos Municipais elevan ao Pleno, son un dos instrumentos co que contan para impulsar a acción de goberno e para facer efectivas as funcións de control que lle corresponden a oposición, garantindo así a calidade democrática municipal.

Os acordos plenarios que resultan da aprobación desas iniciativas son actos administrativos cuxo cumprimento debe garantir o Presidente do ente local.

Son moitos os casos, nos que, lonxe de darlle cumprimento aos acordos adoptados polo Pleno, o Alcalde non executa os mesmos, inda que conteñan mandatos expresos e claros resultantes da vontade maioritaria dos membros da Corporación.

Noutros casos, o seu cumprimento se demora no tempo, de maneira que os acordos debeñen ineficades, por extemporáneos.

O cumprimento dos acordos plenarios, non so é unha obriga legal, tamén é unha manifestación de respecto hacia o resto da Corporación, pero de maneira especial hacia os cidadáns aos que representan os grupos municipais da oposición. Esas iniciativas, son en moitos casos, resultado das propostas e reclamacións feitas polos veciños, que non atopan outro mecanismo para que sexan atendidas as súas demandas e necesidades.

Noutros casos, as propostas son froito da oposición constructiva que levan a cabo os grupos facendo propostas en positivo, ou ben tratando de evitar erros ou actuacións indebidas, sempre en interese dos cidadáns.

Dende o Grupo Popular vimos facendo unha oposición seria e constructiva elevando ao Pleno propostas beneficiosas para os monfortinos, pero inda que contan co apoio suficiente do resto da Corporación, son incumpridas con frecuencia polo equipo de goberno. O mesmo acontece con iniciativas dos outros grupos da oposición.

No que vai do presente mandamento, son mais de 30 os acordos plenarios, que a pesares de contar co apoio maioritario da Corporación e de representar un mandato claro de impulso para o equipo de goberno son desoídos polo Alcalde quen, mesmo en reiteradas ocasións se ten manifestado no sentido de que non ten porqué darlle cumprimento aos acordos plenarios, ignorando así as propostas de quen representamos á maioría dos monfortinos.

Por estas razóns este grupo considera fundamental crear unha comisión de seguimento das mocións aprobadas polo pleno co obxectivo fundamental de asegurar o cumprimento das mesmas o que redundará nun mellor funcionamento do Concello e na mellora da calidade de vida de todos os monfortinos.

E por todo isto, o Pleno do Concello, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1. Crear unha comisión de seguimento e control dos acordos plenarios aprobados cuxa finalidade sexa velar polo cumprimento das mocións aprobadas polo Pleno da corporación.
 - Fixar en canto á composición da dita comisión, a mesma ca das comisións informativas.
2. Determinar que a dita comisión poderán asistir técnicos da corporación das diferentes áreas pra realizar tarefas de apoio á dita Comisión.
3. Que a dita comisión sexa convocada para a súa constitución no prazo máximo de 20 días naturais.
4. Que as reunións da mesma teñan carácter trimestral fixándose como data para a súa celebración o día que se determine polos seus membros ao tempo da constitución e sin retribución para os mesmos.
5. Que se de conta trimestralmente ao Pleno da corporación do estado de cumprimento dos acordos plenarios aprobados.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que ten que ver co incumprimento dos acordos plenarios. Incumpriuse un acordo sobre Aqualia do 30 de maio deste ano. Hai necesidade de reaccionar ante a actitude do equipo de goberno e do Alcalde. Non coincido con esta actitude. Fai unha exposición a continuación do que figura na moción. Hoxe débátese sobre Aqualia. Moito trouxemos sobre iso no anterior mandato. Na Comisión de Investigación e agora neste mandato, solicitouse a cuantificación do que se estea en condicións de reclamar a Aqualia. Non só non cumpriu con iso o Alcalde, senón que pediu informes que nada teñen que ver. Explica os acordos da moción. O acordo de maio que se incumpriu non é un acordo calquera.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que parece que o Alcalde sentiuse ameazado, as miñas palabras non foron de ameaza. Moléstalle que coincidamos no voto co PP, votamos con quen cremos que ten a razón. Estamos de acordo con esta moción, nós levamos conta dos acordos que non se cumpren. Dixo que curiosamente hai catro mocións de urxencia, un dos motivos é que a convocatoria pechouse o martes. De contratos, o único que colga é o anuncio na páxina web. Non me respondeu sobre o dos asesores no da illa do Sierra. Vai cumprir o do Hotel Comercio e o do Camiño de Santiago?

(Pide a palabra o Sr. Secretario para dicir que se puideron presentar mocións o mércores que poderían ser ditaminadas o xoves en Comisión, aínda que a convocatoria do Pleno teña que ser antes dos ditames, por estar sen resolver iso).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que eles non traen ningunha moción. Non concordamos coa maneira na que se están levando os acordos plenarios; por iso, a favor desta Comisión. (Quere emitir unha gravación do anterior Pleno e o Sr. Alcalde non llo permite). En que se basa para que non se poida escoitar o que dixo de que aínda que se aprobe non se vai facer? Paréceme de chiste: por que non quere escoitar o que dixo vostede? Vou esgotar o tempo de intervención. Lamento que lle doa que se poidan escoitar as súas propias palabras. Solicitarei por escrito por que non permite escoitar esta gravación. Pedirei informe do Sr. Secretario. Imos ser necios todos e vou seguir ata acabar o meu tempo. Moitas grazas.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que o Pleno é o órgano de control e fiscalización. Nos asuntos da Xunta de Goberno non pode obrigar a executar. Se a moción é de asuntos que son da Xunta de Goberno, non hai incumprimento se non se cumpre. O goberno está para gobernar e ten as súas competencias. O do Consello Municipal de Saúde, que estamos en trámite para constituílo, é o único que non se cumpriu, porque o que dixo a portavoz do PP si se cumpriu, aínda que non segundo ela. Rexeitamos o de que os veciños non atopan mecanismo, o PP é unha canle política, non unha canle legal. Ningún inconveniente en constituír a Comisión. Dille á portavoz de Esperta Monforte que se mantemos as subvencións nominativas como anteriormente, é decisión do goberno municipal. Dille á portavoz do PP que dixo na prensa que el tiña razón; dille que utiliza á Valedora do Pobo. O Alcalde de Santiago solicita amparo respecto á propia Valedora. Esta agora xa se dedica aos vaos. Dígalle á Valedora do Pobo que deixe o vao de Monforte, o do vao que vixie e chame á Policía Local. Denúncieme: pode usar nisto o artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o Alcalde cuestiona que a xente se dirixa ao PP. Cuestiona que se dirixa á Valedora do Pobo. Impide a reprodución do gravado que pretendía a portavoz de Esperta Monforte. Di que dixeran que tiña razón: le o acordo de maio e as preguntas do Alcalde á Deputación e a Adade, que ten que ver isto co que se acordou? Teña un pouco de respecto con esta Corporación e cos intereses dos monfortinos.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que trouxo unha gravación do PP e ninguén lle dixo nada. Quere escoitar a súa palabra? (O Alcalde dille que xa lle dixo que non procede, que a outra vez eu non era Alcalde e neste mandato non hai testemuño sonoro en ningún Pleno). Di vostede que está prohibido reproducir algo sonoro no Pleno? (O Alcalde dille que no Pleno ten a palabra).

De Dna. Pilar López Martínez, que anuncia o voto a favor da moción. Di o Alcalde que as subvencións nominativas son como co anterior goberno; entón tamén que estean tódolos expedientes contractuais no perfil do contratante e que se permitan reproducións sonoras no Pleno. Boto moitísimo de menos a xenerosidade do anterior Alcalde.

Do Sr. Alcalde, que di sobre o que di a moción de que “esas iniciativas, son en moitos casos, resultado das propostas e reclamacións feitas polos veciños, que non atopan outro mecanismo para que sexan atendidas as súas demandas e necesidades”, que os veciños teñen tódalas portas abertas dos servizos municipais. Non diga que non hai outro mecanismo. Imos apoiar esta iniciativa, aínda que pedirei aclaración ao Secretario. Neste mes, non pinza, forman trípode as tres voceiras para debilitar ao goberno, e decidiron non traer mocións, sendo a de Esperta Monforte a única que cumpriu o pacto. Salvo algo realmente urxente, non debería ser como o de hoxe. Agora a Dna. Maribel García non lle importan as carencias médicas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que parece que dixo que o Alcalde é un pequeno ditador. Rectifico: é un gran ditador. A ver se non podemos tratar cousas entre as portavoces. Vostede trouxo mocións cinco minutos antes do Pleno, e agora que se é unha chufa e unha falta de respecto aos monfortinos. Parécelle que non temos criterio? Reflexione sobre que todo o mundo non é igual que vostede. Cantas veces se actuou para debilitar ao PP? Que era aquilo? Tratouse sobre presentación de mocións e sobre uso de elementos sonoros. Está a moción de xullo de 2015 para un Regulamento orgánico que resolverse estas cuestións. Seguimos sen Regulamento orgánico. Paréceme unha falta de respecto que cuestione o labor da oposición, respecto o traballo e o labor que facemos.

Do Sr. Alcalde, que agradece que constate o apoio que lle deu ao anterior Alcalde. Que o Secretario aclare o desta Comisión.

Do Sr. Secretario, que expón o criterio que xa lle transmitiu ao Alcalde: non definida na moción a Comisión nin como permanente nin como especial, e sendo a primeira para ditaminar previamente asuntos e a que se propón para controlalos unha vez aprobados, habería que considerala como especial, pero dada a temporalidade desta, debería o Pleno pronunciarse sobre a súa continuidade cando sexa informado do labor que efectúe a Comisión.

B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ESIXIR A ACLARACIÓN DAS CONTAS REAIS DA EMPRESA AQUALIA ANTES DE TOMAR NINGÚN ACORDO.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez, Dna. Pilar López Martínez, D. Víctor López Mateo e Dna. Alicia Cadarso Palau).

En base á moción presentada, tralo seu debate, acórdase o seguinte:

“Tense presentado por parte de Alcaldía unha proposta de acordo coa empresa concesionaria do Servizo de Abastecemento de Auga, AQUALIA, que todos coñecemos e que de maneira resumida podemos lembrar:

- Aqualia ten que realizar uns investimentos por valor de 2.405.947,62€ nos tres primeiros anos de contrato (2001-2002-2003).

- Recoñécenselle á empresa uns investimentos por un total de 734.276,46 € e polo tanto queda pendente de investir: 1.671.671,22€
- As cantidades dos apartados anteriores quedarían compensadas, condonando a empresa a diferenza entre elas ao seu favor. Ademais a empresa desistiría tanto do recurso de apelación contra a sentenza 116/2014 recaído no procedemento contencioso-administrativo ordinario 189/2006 como do recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 331/2015. O devandito desentimento incluíría a renuncia a percibir a cantidade de 336.119 €.
- O concello débelle a Aqualia por non ter actualizado o IPC 1.713.222,33€ polo tanto o acordó levaría consigo o incremento nun 17,56% o recibo da auga de todos os monfortinos repartido en catro anualidades.

Para nós, esta proposta resúltanos insuficiente, pode que illadamente poidan ser tidos en conta, pero levamos manifestado nos últimos meses que un verdadeiro acordo con Aqualia e que poña fin aos litixios que dende hai anos veñen existindo con este contrato, deberían ter unha natureza global, e non parcial, polos motivos que a continuación se detallan:

1. A non realización dos investimentos comprometidos no contrato ou o simple retraso en acometelos e que non investiu nos tres primeiros anos de contrato (2001-2002-2003) téñenlle reportado á concesionaria uns aforros económico-financeiros pendentes de cuantificar por parte do concello.
2. O concello levou a cabo nos últimos anos obras relativas ao servizo de auga sobre os que pesan dúbidas de quen tería que soportar eses custes, pendentes, tamén, de cuantificar.
3. Transcorridos 15 anos, dos 25 de vixencia, do contrato a empresa négase, a pesar das reiteradas peticións, a facilitar as contas de explotación do centro de traballo de Monforte para poder visualizar os verdadeiros custes e os ingresos tanto tarifarios como non tarifarios que axuden a cuantificar o verdadeiro alcance do desequilibrio económico que a empresa ten manifestado ter.
4. A empresa ademais dos investimentos que non levou a cabo tampouco satisfaceu outros ingresos que tiña que ter feito como obrigas contractuais, como son:
 - a. O canon de explotación.
 - b. O canon de vertidos que Aqualia lle tiña que ter ingresado á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e que nunca lle ingresou polo que a confederación llos reclamou ao concello.
 - c. O canon de regulación da auga e taxa de explotación de obras e servizos.

Entendemos que o coñecemento de todos estes puntos, levaríanos a outro tipo de proposta diferente á que se nos presenta dende Alcaldía.

En consecuencia, do Pleno da Corporación Municipal, por dezaseis votos a favor (Grupos do BNG, Socialista e do PP) e unha abstención (Grupo de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

- 1) Esixirlle ao equipo de goberno que cuantifique os seguintes conceptos, antes de tomar ningún acordo coa empresa Aqualia:
 - a. O aforro económico-financeiro que a empresa obtivo de non realizar os investimentos nos tres primeiros anos de vixencia do contrato ou de telos realizado con retraso.
 - b. O valor das obras que o concello puido ter realizado indebidamente e que tivese que ser Aqualia quen soportase o custo das mesmas.
 - c. Os diferentes canons que a empresa lle tiña que ter ingresado ao concello e non o fixo.

- 2) Esixirlle ao equipo de goberno que tome as medidas oportunas para que a empresa facilite as contas de explotación do centro de traballo de Monforte debidamente auditadas, para coñecer o verdadeiro alcance do desequilibrio económico existente.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que tanto a portavoz como os demais compañeiros do Grupo do BNG, teñen criterio. Parece que o Alcalde levou unha decepción con esta portavoz. Non só é chufa, senón desprezo, non cumprir acordos plenarios. Le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que non acepta que diga o Alcalde que deixou de lado o da sanidade. Alégrome que recoñeza que está pendente o Consello Municipal de Saúde. Se non estivese decidido que non houbera mocións, tería traído unha de recordatorio. Mentres teñan algo de forza e de voz, a sanidade pública é a loita da miña vida. Ímonos abster para poñer en valor a decisión de non traer mocións a este Pleno.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que non se pode negociar sen coñecer o que temos entre mans. É triste ter que vir de novo coa cuantificación e cos informes. Queremos sobre todo iso, pero non nos parecen mal estes puntos. Dille á portavoz de Esperta Monforte que este é un tema importante, que non debemos permitir máis dano do xa habido. Revisei a hemeroteca e os acordos, o actual Alcalde é máis responsable dende xuño de 2003 que o PP. Estamos ante un contrato que hai que interpretalo ben. Se nos abstemos, facilitamos que outros fagan por nós. Imos apoiar esta iniciativa, non por pinza ou por trípode, senón porque é un tema no que tódolos monfortinos debemos estar unidos. Ten o Alcalde a oportunidade de redimirse e xestionar adecuadamente. Pouco rédito político me deu o contrato de Aqualia. Moito interese ten o Alcalde no acordo coa empresa. Para negociar e reclamar, ten que cuantificar as cantidades.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di sobre a súa relación con Aqualia, que ata que foi Alcalde tivo con ela cero reunións. Non pode dicir a portavoz do PP que é allea, é responsable do que fixo o PP. Dille á portavoz de Esperta Monforte, que non falou da Plataforma da sanidade pública, falou dela. Dille á portavoz do BNG que resulta sorprendente que despois de 12 anos en que foi incapaz de

facelo, o reclame agora. Priorizamos o diálogo; se ao Pleno non lle vale, pasaremos a outra fase. Dille á portavoz do PP que o único interese que o moveu foi normalizar un contrato que levaba 15 anos de incumprimentos. Dille á portavoz do BNG que pediremos todo o que sexa necesario, pero “esixir” o que vostedes non fixeron...A nova fase será un contencioso contra a empresa, a empresa ten dous contra o Concello.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o Alcalde interpreta o que quere. Agradece o apoio do PP á moción, tamén a posición do goberno e dille á portavoz de Esperta Monforte que pensé a súa abstención. Este contrato, e a oferta, ten falta de claridade. De aí que non debemos conformarnos con acordos parciais. Non sería mellor pedir antes as contas de explotación? Se non lle aprobamos o acordo e pide as contas, por que non o fixo antes? Por que non dialogou coa Asociación do Camiño? Por que non dialogou coa oposición? Tivo sorte Aqualia, con ela dialogou. Poño esixir, porque instar non lle serve de nada a vostede, iso dixo vostede.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que a postura súa quedou clara cando a proposta de acordo do Alcalde. Comparto isto. Simplemente había un acordo sobre mocións para este Pleno. Por iso, absterémonos en tódalas mocións.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao Alcalde que revise o contrato, é a longo prazo, cunhas obrigas da concesionaria. O PP estivo dous anos. Vostede, de 2003 a 2007. Eu non estiven nesta Corporación ata 2011. Por suposto, está a responsabilidade da xestión durante 12 anos, dos que vostede estivo nos catro primeiros e despois oito na oposición. Eu atopeime con isto e afronteino. Vostede non pode dicir que miraba para outro lado. Normalizar, si, pero non prexudicando ao Concello. Como podemos entender que vote a favor agora disto? É un tema importante, a non tratar con frivolidade.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, que di que se os acordos non son posibles, haberá que ver outras opcións. O termo esixir é o de menos, o importante é se é competencia do Pleno, en cuxo caso habería que facelo instando ou esixindo, ou da Xunta de Goberno. Coincido en que a oferta non é clara. Mesturou cousas como o do Camiño de Inverno, que está oficializado. O do albergue no Hotel Victoria era pedir e está cumprido.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non se referiu ao Hotel Victoria, senón ao Hotel Comercio. Esixir ou instar, é intención política as máis das veces. Reitero que agradezo o apoio e que se recoñeza que non hai claridade na oferta. Pode contar con nós para pedirlle todo o que sexa a Aqualia. Non é un tema doado, pero un acordo sen contas claras...Hai que saber o que temos para un posible acordo.

C) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE HUMANIZACIÓN DA RÚAS ESTRELA E CONDE ATA O CRUCE COA AVENIDA DE GALICIA.

En base á moción presentada, tralo seu debate, acórdase o seguinte:

“Nos últimos tempos téñense acometidos ou se van levar a cabo nos vindeiros días actuacións de asfaltado en diversas rúas como Benito Vicetto, Calvo Sotelo, Real, Santo Domingo, San Antonio, Polígono Industrial, estacionamento do Parque dos Condes, etc mediante convenios coa Excm. Deputación de Lugo ou axudas da Xunta de Galicia.

Ao noso entender, consideramos que algunhas destas rúas non debería de ser o Concello quen realizase tal reparación, por non ser de titularidade municipal, como é o caso da rúa Calvo Sotelo (que custa 77.401,28€) e mesmo noutros casos estamos falando de espazos como o estacionamento do Parque dos Condes (cuxo investimento ascende a 76.411.50€) (estamos de acordo en que era necesario o repintado das prazas de estacionamento e as prazas reservadas a autobuses ou persoas discapacitadas) ou a rúa Benito Vicetto que non presentaban un estado tan deteriorado como para ser intervidas neste momento, máxime cando existen outras vías de titularidade municipal cun estado de conservación bastante máis deficitario e nas que non se levaron a cabo actuacións en moitos anos.

Estamos a referirmos á Rúa da Estrela e a Rúa do Conde ata o cruce coa Avda. de Galicia nas que, como calquera pode comprobar, precisan unha intervención urxente de humanización xa que ademais de presentar un firme moi deteriorado, non se axustan a ningún tipo de eliminación de barreiras arquitectónicas, o que imposibilita o acceso a persoas en cadeira de rodas ou mamás con carriños de bebés e que constitúe unha entrada ao centro da cidade que soporta cada vez máis tráfico. E se nos centramos na rúa do Conde, observamos que, en numerosas ocasións, existen vehículos estacionados nalgunha das marxes da vía que impiden o acceso dos propietarios ás súas vivendas e dificultan a circulación de peóns.

Por non falar de derroche de recursos municipais polo feito de ter repintado algún paso de peóns ou mesmo prazas de estacionamento reservadas a persoas discapacitadas apenas un mes antes de executar estas obras, sabendo que as ía levar a cabo en breve.

En consecuencia, do Pleno da Corporación Municipal, por dez votos a favor (Grupos do BNG e do PP) e sete abstencións (Grupos Socialista e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

Esixirlle ao equipo de goberno que proceda a realizar un proxecto de humanización que inclúa mobiliario urbano novo e plantación de árbores na Rúa Estrela e Rúa do Conde ata o cruce coa Avda. de Galicia, eliminando as barreiras arquitectónicas e mesmo delimitando dalgún xeito o tránsito de peóns e usuarios de cadeiras de rodas co fin de garantir a seguridade dos viandantes e a súa posterior execución ben con fondos propios dotando convenientemente os orzamentos municipais ou mediante axudas doutras institucións, como as últimas recibidas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que se abstén igual que na moción anterior, compartindo moito do que aquí se di.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que coinciden co espírito da moción. O que non nos queda claro é o do mobiliario urbano e o das árbores. Nada temos en contra dun proxecto de humanización. Votaremos a favor dun proxecto dese tipo e da mellora do estado das rúas, pero invitamos a reconsiderar a plantación de árbores e a colocación de mobiliario. A favor en todo caso, á espera de que elabore un proxecto acaído.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di ao BNG que parece que pasou por aquí e nunca gobernou. Despois de 12 anos sen ningunha actuación, agora esta présa. Quéixanse de obras no Parque dos Condes, en Calvo Sotelo, de pintado de sinais. O contrato é de xuño, o convenio para as rúas de xullo. Se non queren actuacións en Calvo Sotelo, explíquenlle aos monfortinos. Acúsannos de gastar diñeiro en rúas que non son do Concello, vostedes si que o fixeron. As prioridades correspóndenlle ao goberno municipal, igual que cando vostedes gobernaron. É competencia da Xunta de Goberno Local e actuaremos onde o consideremos prioritario. Dá cifras de investimento e de financiamento de obras feitas en anos anteriores en Valle-Inclán, en Emilia Casas Baamonde, en Roberto Baamonde, en Leopoldo Calvo Sotelo, na rúa Chantada, esta en dúas anualidades. Suma bastante máis do que poidamos facer nós, ademais en Calvo Sotelo había un compromiso sen cumprir.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que eles non puñan a escusa da titularidade como o Alcalde en Manuel Murguía. Como supoño que está co orzamento de 2017, isto é unha suxestión. Arranxar a rúa da Estrela estivo na nosa campaña electoral e nos últimos anos tiñamos un proxecto para ela. Dille á portavoz do PP que non se lles ocorre poñer árbores na rúa do Conde, aí unhas xardineiras ou algo así, na rúa da Estrela si caben árbores. Na rúa Corredoira boto de menos algo de humanización, algunha árbore que dea frescor na época estival.

(As portavoces de Esperta Monforte e do PP renuncian á segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que di que si dicía o goberno do BNG que era competencia doutras administracións. Supoño que é segundo toca ou non gobernar. Outras prazas de estacionamento, tamén hai que sopesalo. Parécenme ben as propostas do seu programa electoral, pero terei que empezar cos meus compromisos. No das árbores, non dá o largo das rúas para iso. Ímonos abster, son rúas a mellorar, pero haberá que velas dentro dun programa de actuacións.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que se non está clara a moción, acepta algunha suxestión do Grupo de goberno para votala a favor. Parece que non quere que se lle presenten mocións, fareino aínda que non lle guste. Non nos opoñemos a que arranxe unha rúa ou outra, pero se di que a rúa do Conde non está habitada na parte final, é que non coñece a cidade da que é Alcalde. Con que un veciño teña dificultades

para acceder á vivenda, hai que telo en conta, e os peóns? e as cadeiras de rodas?
Agradecer, por último, o apoio a esta moción.

D) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A PROPOSTA DE ACORDO COA CONCESIONARIA AQUALIA.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D.Iban Torres Rodríguez. Tamén se ausenta D.Víctor López Mateo, pero este non se reincorpora á sesión ata a parte de control da xestión, non estando presente, por tanto, para a votación deste asunto).

En base á moción presentada, tralo seu debate, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º.- El Grupo Municipal del Partido Popular, al amparo de lo establecido en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Administraciones Locales y en el marco de la Comisión Informativa Especial de Investigación de las circunstancias de la desaparición de la oferta presentada por la concesionaria Aqualia, que se llevó a cabo en el anterior mandato en este Ayuntamiento, solicitó en su día que se emitiera informe, que permita cuantificar los daños y perjuicios de todo tipo derivados de la desaparición de la oferta y de la falta de cumplimiento de sus obligaciones, por parte de la entidad Aqualia, así los derivados entre otros, de la inejecución de las mejoras ofertadas, los daños y sanciones soportados por vertidos, el canon de explotación dejado de percibir durante años etc.

Recientemente, y conocido que se están manteniendo negociaciones con la concesionaria del servicio de abastecimiento y saneamiento, este grupo municipal solicitó nuevamente la emisión de informe en los siguientes términos:

Que por los servicios de Secretaría e Intervención del Ayuntamiento, sin perjuicio de la colaboración que precisen de otros servicios municipales, se elabore y de traslado a este grupo municipal, de un Informe en el que se cuantifiquen los daños y perjuicios irrogados a este Ayuntamiento, por cualquier concepto, (sanciones por vertidos, daños, falta de ejecución de mejoras y perjuicios derivados, excesos de consumos por falta de localización y eliminación de fugas, inejecución de renovaciones, sustituciones o reparaciones, inversiones de todo tipo etc.) derivados de incumplimientos de sus obligaciones contractuales por parte de la concesionaria Aqualia.

Remitido a este grupo informe emitido por el servicio de intervención en el que se señala que se precisan informes técnicos para valorar perjuicios derivados de la falta de ejecución de mejoras, por carecer de criterio técnico para cuantificarlas, sobre falta de ejecución de inversiones y otros conceptos, que ya se informó o no se está en disposición de informar.

Se percibe un afán obstruccionista, en cuanto a la posibilidad de conocer con rigor el alcance de los perjuicios que los múltiples incumplimientos de esta concesionaria le llevan ocasionado a este Ayuntamiento.

Se refiere el informe y el escrito de Alcaldía a unas manifestaciones de una interventora en el marco de la comisión, que no se pueden tomar como elemento único para fundamentar la petición de informe, y mucho menos para justificar la negativa a hacerlo como se pretende.

2º.- Lo expuesto en el punto anterior es reproducción de lo recogido en la moción presentada por este grupo en mayo de 2016, que resultó aprobada por once votos a favor –así consta en el acta del Pleno de 30.5.2016-, adoptando el siguiente ACUERDO:

“1º Instar al equipo de gobierno a solicitar de los servicios de Secretaría e Intervención del Ayuntamiento, -sin perjuicio de la colaboración que precisen de otros servicios municipales-, se elabore Informe en el que se cuantifiquen los daños y perjuicios irrogados a este Ayuntamiento, por cualquier concepto, (sanciones por vertidos, daños, falta de ejecución de mejoras y perjuicios derivados, excesos de consumos por falta de localización y eliminación de fugas, inejecución de renovaciones, sustituciones o reparaciones, inversiones de todo tipo etc.) derivados de incumplimientos de sus obligaciones contractuales por parte de la concesionaria Aqualia.

2º De no estar estos servicios en disposición de efectuar el informe señalado, se solicite la asistencia técnica necesaria de los servicios jurídicos de la Diputación Provincial de Lugo, incluido lo que corresponde a la adecuada interpretación de la oferta presentada en su día por la concesionaria en cuanto a la financiación y ejecución de inversiones que compromete.

3º En última instancia y de no estimarse posible lo anterior, solicitar los servicios de una consultoría externa al objeto de cuantificar los perjuicios señalados en el punto 1º facilitando a tal fin los datos e información necesarios.”

3º.- El equipo de gobierno no ha dado cumplimiento al acuerdo plenario transcrito, por cuanto se ha limitado a formular tres preguntas a los servicios jurídicos de la Diputación de Lugo y de la Consultora ADADE, que nada tienen que ver con lo interesado por este grupo municipal.

4º.- A pesar de lo anterior, el Alcalde trae a este pleno nuevamente la propuesta de acuerdo que fue rechazada por la Corporación, con anterioridad, precisamente porque no se habían cuantificado los incumplimientos de la concesionaria.

5º.- Se advierte en el regidor un afán obstruccionista, impidiendo la cuantificación de tales incumplimientos, pero sobre todo un interés en alcanzar un acuerdo en los términos propuestos por la concesionaria, sin conocer lo que estaríamos en disposición de reclamarle.

Esto revela que no existe intención de formular reclamación alguna a Aqualia, pues en ese caso, el primer paso sería determinar conceptos y cuantías reclamables, justo lo que se le solicita al equipo de gobierno y que se niegan a cuantificar.

Que se nieguen a cumplir un acuerdo plenario, sobre una cuestión en la que el Pleno de la Corporación dispone de amplias competencias, resulta de extrema gravedad, y puede ser constitutivo de responsabilidades no solo en el ámbito administrativo.

6º.- Este grupo, consciente del afán obstruccionista de este equipo de gobierno, y de los daños que se pueden irrogar al Concello por su actitud, insiste en solicitar la cuantificación de los daños derivados de los incumplimientos del contrato que obliga a la Concesionaria por todos los conceptos, al objeto de tomar conocimiento de las cantidades susceptibles de reclamación.

7º.- Conocida la reiterada negativa del equipo de gobierno a efectuar tal cuantificación.

-Conscientes de los perjuicios que podrían derivarse para el Ayuntamiento, de no formularse la oportuna reclamación.

-Sabido que no se ha remitido a los servicios jurídicos de la Diputación, la oferta que obliga a la empresa para la adecuada defensa del Ayuntamiento en el segundo procedimiento contencioso por desequilibrio.

-Por ello, y no confiando en que el equipo de gobierno defienda debidamente los intereses de los monfortinos frente a la concesionaria, este grupo, propone, subsidiariamente, -para el supuesto de que el equipo de gobierno insista en su negativa a efectuar la cuantificación solicitada-, un acuerdo alternativo al propuesto:

En el que se compensen los 2'4 M € comprometidos como mejoras en los puntos h1 a h4, con la cantidad de 1'7 M € por la falta de actualización del IPC, sin compensación de las obras que se consideran inversiones, y que este grupo entiende forman parte de las obligaciones que en el art. 26 del pliego de condiciones se atribuyen a la concesionaria.

En base a lo anterior y por entender que la cuantificación de las cantidades que estaríamos en disposición de reclamarle a Aqualia, es un elemento fundamental para cualquier negociación que se quiera llevar a cabo,"

O Pleno da Corporación, por nove votos a favor (Grupos do PP e do BNG) e oito abstencións (sete *in praesentia dos* Grupos Socialista e de Esperta Monforte, e unha *in absentia* –art. 100.1 do ROF- de D.Víctor López Mateo, do BNG), adopta o seguinte

ACORDO

1º/ Solicitar, con la colaboración de los servicios técnicos municipales, la elaboración de un Informe-Auditoria, -a cargo de un departamento de economía y derecho administrativo de una Universidad gallega, u otro organismo que ofrezca garantía de independencia- en el que se cuantifiquen los daños y perjuicios irrogados a este Ayuntamiento, por cualquier concepto, (sanciones por vertidos, daños, falta de ejecución de mejoras y perjuicios derivados, excesos de consumos por falta de localización y eliminación de fugas, inejecución de renovaciones, sustituciones o reparaciones, inversiones de todo tipo etc.) derivados de incumplimientos de sus obligaciones contractuales por parte de la concesionaria Aqualia.

2º.- Para el supuesto de que el equipo de gobierno insista en su negativa a efectuar la cuantificación solicitada-, se insta a negociar un acuerdo alternativo al propuesto, en el que, como punto de partida:

-Se compensen los 2.405.947 € -comprometidos como mejoras en los puntos h1 a h4-, como máximo, con la cantidad de 1.713.222 € por la falta de actualización del IPC.

-Que no se compensen las obras que en la propuesta de acuerdo, se pretenden inversiones, y que este grupo entiende forman parte de las obligaciones que el art. 26 del pliego de condiciones atribuye a la concesionaria. Y se cuantifiquen otras que el Concello haya asumido indebidamente, o se dejen para ulterior reclamación.

-Que la cantidad de 734.276 € que, como mínimo, quedaría pendiente de cumplimiento por parte de Aqualia, en concepto de mejoras comprometidas, se destine a la realización de las obras que determine el Pleno de la Corporación, y que deberán ser ejecutadas en el plazo de tres años, por cuenta y cargo exclusivos de la concesionaria.

- Y todo ello, sin perjuicio de otras reclamaciones que puedan resultar procedentes al amparo de las obligaciones comprometidas en el contrato a cargo de la empresa Aqualia.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que non se cumpriu o acordo plenario. Fixéronse tres preguntas que nada teñen que ver e véñse outra vez cun acordo non aceptable. Vemos un afán obstruccionista coa cuantificación dos incumprimentos. Sorpréndenos que se nos diga que mentres se negocia, non se estuda. Non confiamos en que se faga a cuantificación dos prexuízos e incumprimentos. Estanse compensando obras de investimentos que o Alcalde autorizou sen ter competencia para iso, por ser modificación do contrato. Explica os puntos do acordo que se propón na moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que xa dixo todo o que tiña que dicir sobre o tema de Aqualia.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que entende que o espírito da moción é aclarar as contas reais.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que esta moción foi rexistrada ás tres horas menos seis minutos da tarde. É difícil así analizala para ter unha opinión formada sobre ela. Actuaremos segundo sexa necesario para un recurso contencioso defendendo os intereses do Concello. Non sei se serán estes informes ou outros, pero faremos o necesario. No futuro, eviten traer mocións tan a rentes da sesión que impida formar opinión. Ímonos abster.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o 2º punto do acordo é unha petición subsidiaria, non ten sentido se se cumpre co 1º. É para eliminar comprometer para o

futuro obras a conta do Concello que son por conta da empresa. A nosa vontade é defender os intereses do Concello e as propostas van nesa dirección, imos ver os seguintes pasos. O Alcalde quixo coármola. Agradezo o apoio do BNG a esta moción, que vai na liña da deles.

(As portavoces de Esperta Monforte e do BNG renuncian á segunda quenda).

Do Sr.Alcalde, que di non pode coar nada, se non ten maioría. Rexéitollo totalmente. Luz e taquígrafos. Compensábanse outras cousas: a sentenza que está en apelación e o contencioso pendente. Sobre as obras, non foi este Alcalde quen quixo facelas. O importante é que acabe ben para os intereses do Concello.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que se trata de que non haxa tan mala xestión do asunto. Todo lle parece falta de respecto, vostede tamén di cousas. Nós contemplamos os riscos, pero non consideramos contemplado o interese municipal no acordo que se traía. Se consideraba que o acordo non era bo, non o debeu traer.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

6. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 25.10.2016 a 18.11.2016. (E dunha Resolución do 21.10.2016, pendente deste trámite).

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 25 de outubro e o 18 de novembro de 2016, así como dunha Resolución do 21 de outubro de 2016, pendente deste trámite.

7. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 16.11.2016) QUE LEVANTA REPARO DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente da Resolución que foi adoptada con reparo e do informe de Intervención que o recolle.

8. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 3º TRIMESTRE DE 2016 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAP.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 3º trimestre de 2016, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

9. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 3º TRIMESTRE DE 2016.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2016, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 19,87.

10. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DE 2016.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 3º trimestre de 2016:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai nin se formulan.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.

O Alcalde,

